



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA C) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS, GRUPO A, SUBGRUPO A1.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal cualificador o día 20 de xaneiro de 2022, para proceder á cualificación do segundo exercicio, práctico, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base 5.1.B) das bases específicas do proceso selectivo, as persoas aspirantes aprobadas obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS	NOME	NOTAS
JUNCAL FROJAN	EVARISTO	6,3
MACEIRAS RIOS	VICTOR	7,08
SOBRINO SUAREZ	CARLOS	7,23

RECLAMACIÓNS E RECURSOS

O tribunal acordou establecer un prazo de dous días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, para que as persoas aspirantes poidan presentar reclamacións ante este tribunal en relación o resultado desta primeira proba do proceso selectivo referido, que serán resoltas por este, pero sempre e cando cumpran as seguintes condicións:

- Deben formularse exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra mediante a presentación de escritos no Rexistro electrónico.
- E deben formularse no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte a publicación no taboleiro de edictos do Concello do resultado deste primeiro exercicio deste proceso selectivo que se se realiza mediante o sistema de tipo test.

Sen cumprir os requisitos expostos, este Tribunal non admitirá reclamacións.

Sen prexuízo da posibilidade de presentar reclamacións nos termos expostos, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, contra o primeiro exercicio tipo test e, especialmente as cualificacións do proceso selectivo referido anteriormente poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.



PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O TERCEIRO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), a relación cos aspirantes APTOS, convocándoos para a realización do **terceiro exercicio, coñecemento do idioma galego**, obrigatorio e eliminatorio para aqueles/as aspirantes que non acrediten, xunto coa solicitude de participación o nivel CELGA 4 ou equivalente. Os aspirantes que si o acrediten non estarán obrigados a efectuar a proba de galego pasando directamente a fase de concurso sen obter puntuación por este exercicio, se ben voluntariamente poderán presentarse a dita proba se pretenden obter puntuación por este exercicio, o día **26 de xaneiro, mércores, no edificio municipal Casa da Luz, sito na Praza da Verdura, as 10.00 horas.**

